

Regulamento de Honras e Distincións

(aprobado en Xunta de Facultade do 20 de decembro de 2013)

Os estatutos da USC (DOG 9-2-2004) no seu artigo 101.b permite ós Centros desenvolver un regulamento interno, sometido ó principio de xerarquía normativa que normativice asuntos de interese particular dos mesmos. Por outra banda, o Regulamento de Honras e Distincións da USC (Consello de Goberno 14-03-2008) non regula a concesión de distincións por parte dos distintos Centros da Universidade. Neste marco, co fin de recoñecer os servizos prestados polos seus membros ó longo das súas carreiras profesionais, a Facultade de Física acorda aprobar o seguinte Regulamento de Honras e Distincións.

Artigo 1.


1.1 Anualmente outorgarase ós membros do PDI e PAS do Centro que pasen á situación de xubilación e non houberan sido obxecto de expediente sancionador a medalla do Centro nunha Xunta de Facultade extraordinaria convocada a tal efecto.

A efecto do disposto no presente Regulamento entenderase membro do PDI do Centro a aquel persoal que pertenza no momento da súa xubilación ós Departamentos adscritos ó Centro, e sexa ou teña sido regularmente membro da súa Xunta de Facultade.

Os membros do PAS adscritos ás dependencias ou servizos do Centro ou dos seus Departamentos no momento da xubilación consideraranse membros do mesmo.

1.2 Insignia do Centro

Institúese como medalla da Facultade de Física a descrita na figura que se achega, que estará fabricada en prata.



Artigo 2.

A medalla da Facultade de Física poderá concederse tamén a persoas físicas que sobresaíran dun xeito especial nos servizos prestados ó Centro, que se distinguan pola súa especial relevancia ou significación.

A concesión da medalla corresponderalle á Xunta de Facultade, a proposta dunha comisión, presidida polo decano, e formada por un membro de cada área de coñecemento dos Departamentos adscritos ó Centro.

Artigo 3.

A secretaría do Centro levará un libro-rexistro público para cada unha das distincións ás que fai referencia este Regulamento, inscribindo por orde cronolóxica as diferentes concesións, das que se deixará constancia da data de entrega e receptor ou receptores.

Disposición adicional

De maneira excepcional, na primeira Xunta de Facultade convocada para dar cumprimento ó disposto neste regulamento, recoñecerase a labor dos membros xa xubilados da Facultade nos que concorreran no momento da xubilación as condicións esixidas neste texto legal.